



Composteiros comunitarios do Plan Revitaliza ubicados en Ribadumia



Centro de compostaxe comunitario en Portonovo

Os centros de compostaxe comunitaria que a Deputación de Pontevedra vén de instalar ao abeiro do Plan Revitaliza forman xa parte da paisaxe de moitos concellos da provincia. Día a día, a veciñanza fala coas

mestras e mestres composteiros para consultar dúbidas e dar solución a todo o relacionado co ciclo da compostaxe do seus refugallos de cociña e vexetais. Recollemos a continuación as cuestións máis habituais:

1 Como fago para compostar?

Tan só tes que achegarte ata o composteiro comunitario da túa zona e botar o lixo orgánico (restos de comida no módulo de achega, que está marcado cun punto verde, e logo cubrílo cun pouco de estruturante, que é unha mestura de pólas e restos de poda que está dentro doutro colector cun cartel indicativo. A bolsa plástica debes deixala no colector amarelo. Se vives nunha casa con horta, consulta co teu concello para facerte cun composteiro individual e recibir a información axeitada para poñelo en marcha.

2 Hai que cubrir algún impreso ou sacar un permiso para poder usar o composteiro comunitario do meu barrio?

Calquera veciño ou veciña que queira aportar o seu lixo orgánico nos composteiros comunitarios do Plan Revitaliza pode facelo, xa que están abertos e son de uso libre. En calquera caso, para garantir un funcionamento correcto, calcular o aporte de residuos e establecer as necesidades de atención técnica que necesitan, a Deputación de Pontevedra e os concellos precisan datos da veciñanza que participa na iniciativa en cada zona. Se queres apuntarte á compostaxe o mellor é comunicarllo ao mestre ou mestra composteira do teu barrio.

3 Hai que pagar algo para conseguir o compost que produce o composteiro comunitario?

Os centros de compostaxe comunitaria do Plan Revitaliza



O compost que produce o composteiro comunitario é totalmente gratuito para a veciñanza participante na iniciativa. Pregúnta á mestra ou mestre composteiro da túa zona para saber que día teñen previsto sacar o compost final para pasar a recollelo.

4 Podo tirar no composteiro residuos orgánicos sen sacalos da bolsa, como nos colectores de plástico?

Non, no composteiro hai que botar só restos orgánicos. A bolsa de plástico hai que depositala no colector amarelo para plásticos, xa que é un 'impropio' que non se degrada.

5 A compostaxe produce malos cheiros?

O proceso de descomposición dos restos orgánicos nos composteiros desprende un cheiro agradable e característico que lembra ao bosque húmido. É importante que se fagan ben as mesturas entre os refugallos e o estruturante, cubrindo ben o restos orgánicos cunha capa de poda triturada para garantir a oxixenación e, polo tanto, evitar os malos cheiros. As mestras e mestres composteiros revisan que todo o proceso nos centros comunitarios se realiza correctamente.

6 Poden entrar ratos ou outros animais no interior dos composteiros?

7 É necesario que os veciños reguemos o composteiro comunitario, como se fai cos individuais?

Non, os composteiros comunitarios do Plan Revitaliza están instalados de xeito que ningún animal pase ao seu interior. A parte superior do composteiro está pechada por unha tapa que só se abre para que os veciños e veciñas fagan as achegas do lixo orgánico. Pola parte inferior tampouco é posible que entren animais, xa que está colocado sobre unha malla de buratos de apenas un centímetro, que si deixan pasar os microorganismos dende o solo, pero non animais.

Non, os veciños só teñen que depositar os seus residuos e tapalos. Son as mestras e mestres composteiros os encargados de controlar que se mantéña un determinado nivel de humidade para que se desenvolva ben o proceso. E son eles os que farán o rego se é necesario. Os mestres composteiros deben estar atentos a que a mestura de residuos orgánicos e estruturante se fai na proporción correcta.

8 Podo botar no composteiro os restos dos lanxostinos ou as cunchas de mariscos do Nadal?

Si, trátase de restos orgánicos que se transforman no proceso da compostaxe. Ao botalos no composteiro, lembra cubrílos moi ben cunha capa de estruturante que atoparás no caixón anexo. As mestras e mestres composteiros estarán atentos

9 Pódense depositar restos de medicamentos naturais de herboristería?

Non, ningún medicamento, sexa cal sexa a súa procedencia, pode ser botado no composteiro. Os medicamentos deben ser entregados nas farmacias para introducir no chamado Punto SIGRE.

10 Se podo botar papel de cociña no composteiro, entón tamén se pode depositar outro lixo de papel?

No composteiro pódese botar papel de cociña pero só se é branco e non leva nin tintas nin cor. Calquera outro tipo de papel debe ser depositado no colector azul, destinado a papel e cartón.